



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# REUNION

Dirección - Comité (28/11/11)

Da reunión mantida no día de hoxe, destacar os seguintes puntos:

**Comité Europeo.**- É a Dirección quen nos informa do tratado na última reunión do Comité Europeo. Sobre os resultados económicos comentan, que se ben hai mercados onde o Grupo incrementa a súa presenza, hai outras zonas que se estancan como é o caso de América, o que fai que o resultado global sexa negativo. Para cambiar a tendencia aprobáronse os Plans de Acción previstos polo Grupo para o vindeiro 2012. Haberá unha aposta por produtos de maior valor engadido ( caso dos DS), rescate de servizos externalizados, mobilidade interna, ...etc.

## **Previsión 2012:**

Pendientes de comezar as negociacións, neste mes de Decembro, para a elaboración do novo Calendario Laboral 2012, a Dirección anticipa a seguinte información:

*.- Producción anual.-* A día de hoxe é de 333.000 vehículos, os cales repartidos entre Sistemas serían, 230.000 para o Sistema I e 93.000 para o Sistema II.

*.- Calendario Xaneiro 2012*

**Sistema I.**- Arrancarían as Instalacións o día 4 as 6 da mañá a Quenda "A". En canto á Quenda de Noite o seu horario sería de 5h 20min, non traballaría a noite do día 5 e traballaría os domingos 15 e 22.

**Sistema II.**- Arrancarían as Instalacións o día 9 ás 6 da mañá a Quenda "B". En canto ó horario da Quenda Variable da semana 4 (do 23 o 27 de Xaneiro) será de 5h 30min.

## **Informe Trimestral (3º Trimestre-2011):**

**Producción.-** B-9 ... 43.256 B-58 (5 Prazas)...10.976 B-58 (7 Prazas)...10.999 TOTAL... 65.231

Dende a C.I.G., para unha maior información, queremos facilitarvos as cifras tanto do número de vehículos como das xornadas necesarias realizadas para o que vai de ano (Xaneiro - Setembro):

**Sistema I.-** **182.833 B-9**, para o cal traballáronse 161 días laborais a tres quendas, e 52 xornadas de velada (sábados e Domingos noite)

**Sistema II.-** **87.679 B-58**, para o cal traballáronse 145 días laborais e 2 xornadas de velada.

**Total Centro.**- Producción 270.943 vehículos, Horas Traballadas 8.346.710 hrs.

**Enfermidades Profesionais.-** Neste trimestre recoñécense 5 novas E. Prof. (1 máis que no mesmo trimestre do 2010). No acumulado do ano estamos ante un total de 21 novas Enfermidades Profesionais recoñecidas.

**Plantilla.** Total a 30 de Setembro, 6.547. Persoal Taller 5.351 (CDI.- 4.715 ; CDD.- 636), Persoal Mensual 1.196 (CDI.-1.154 ; CDD.-42).

**Varios:** A respecto,do posible cambio da Noite do 6 polo día 9, a Dirección comenta que non se levará a cabo. Parece ser que é por pedir a C.I.G. que se pagase a festividade.

**Compañeiros/as:** estes festivos levan mais de 30 anos instaurados. O calendario 2011 foi aprobado pola maioría do Comité, de proceder ó cambio, corresponde a este órgano Colexiado facelo, iso foi o que pediu a C.I.G. xunto a que se fixera unha consulta ós traballadores/as e por suposto sen renunciar ó Plus que por Lei corresponde.

# Confederación Intersindical Galega